

**M.P. Nº 11 PXOM CARBALLO PARA MODIFICACIÓN DO Nº DE
PLANTAS NUNHA MAZÁ NA RÚA SAN MARTIÑO**
DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL



MEMORIA XUSTIFICATIVA

PROMOTOR: CONCELLO DE CARBALLO

EQUIPO REDACTOR:

SARA PRIETO HORTAS
RUBÉN SANTIAGO TOJO

**M.P. Nº 11 PXOM CARBALLO PARA MODIFICACIÓN Nº
DE PLANTAS NUNHA MAZÁ NA RÚA SAN MARTIÑO**

CONCELLO DE CARBALLO

0 de 12

SARA PRIETO HORTAS (COL Nº 4754 COAG)
RUBÉN SANTIAGO TOJO (COL Nº 5012 COAG)

DOC. PARA APROBACIÓN INICIAL
XULLO 2026



15019_MP11PXOM_202607_AI_MX_02XUS
MEMORIA XUSTIFICATIVA - INDICE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA2

1. XUSTIFICACIÓN DA CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DA MODIFICACIÓN PUNTUAL E DAS RAZÓNS DE INTERESE PÚBLICO.....2

2. DESCRICIÓN DA SOLUCIÓN PROPOSTA.....2

3. SITUACIÓN URBANÍSTICA RESULTANTE DA MODIFICACIÓN PUNTUAL PROPOSTA.....4

4. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS RESERVAS DE SOLO NECESARIAS PARA A IMPLANTACIÓN DOS SISTEMAS XERAIS.....5

4.1. CAPACIDADE RESIDENCIAL:.....5

4.2. SUPERFICIE DE SISTEMAS XERAIS DE EQUIPAMENTOS (SX-EQ):6

4.3. SUPERFICIE DE SISTEMAS XERAIS DE ESPAZOS LIBRES (SX-EL):6

4.4. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS RESERVAS MÍNIMAS:6

5. INFORME XUSTIFICATIVO DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SECTORIAL DE APLICACIÓN. ..6

5.1. INFORME XUSTIFICATIVO DA LEXISLACIÓN EN MATERIA DE AUGAS.....6

5.2. INFORME XUSTIFICATIVO DA LEXISLACIÓN EN MATERIA DE MINAS.....7

6. XUSTIFICACIÓN DA COHERENCIA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL COS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO CON INCIDENCIA NO SEU ÁMBITO.8

7. PONDERACIÓN DO IMPACTO DE XÉNERO.....8

8. INTEGRACIÓN DAS MEDIDAS DO IAE.10

9. TRAMITACIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL.10

CVD: gVn4X06ffrtvv+tNueEK Verificable na Sede electrónica do organismo https://sede.carballo.gal/
Carmen del Río Rodríguez
Secretaría Xeral
Redactor
RUBÉN SANTIAGO TOJO
Data sinatura: 04/08/2026
Data sinatura: 17/09/2026 09:31:00
Motivo: Modificación Puntual N°11 do PXOM de Carballo (expediente 2026/U032/000001). Documento de aprobación inicial. Pleno municipal en sesión ordinaria do 07/09/2026 (punto 4 da acta da sesión). Concello de Carballo. A secretaría, Carmen del Río Rodríguez

MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS FINS E OBXECTIVOS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL, ASÍ COMO DAS SÚAS DETERMINACIÓNS. PARTE XUSTIFICATIVA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA



1. XUSTIFICACIÓN DA CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DA MODIFICACIÓN PUNTUAL E DAS RAZÓNS DE INTERESE PÚBLICO.

Tal e como se indicou no apartado 2 da memoria informativa, as modificacións dos instrumentos de planeamento urbanístico deberán cumprir co disposto nos artigos 83 da LSG e 200 do RLSG. No apartado mencionado avanzáronse as consideracións principais que fundamentan o interese público da presente modificación puntual e a conveniencia de utilizar o presente instrumento para realizar a alteración pretendida.

A razón de interese público que xustifica a formulación da presente modificación puntual é a que se enuncia a continuación:

- Recuperación dunha altura máxima unificada na mazá obxecto desta MP: Tal e como se menciona na memoria informativa, a asignación de distintas alturas máximas dentro dunha mesma mazá da lugar a aparición de medianís cara o sistema xeral de espazos libres do Parque de San Martiño, cun considerable impacto visual sobre a contorna e incumprindo a directriz de paisaxe DX.06 j) (N).

Ademais, tal e como se indicou no apartado 6 da memoria informativa, en tódolos planeamentos anteriores vixentes no solo urbano da vila de Carballo establecíase unha única altura máxima para toda a mazá (B+4).



Extractos da folia nº 3 de 6 dos planos de Ordenación do perímetro urbano das NNSS e da folia nº 5 dos planos de calificación do solo, usos pormenorizados, aliñacións, altura da edificación, rede viaria e aparcadoiros do solo urbano do PXOM 2003.

2. DESCRICIÓN DA SOLUCIÓN PROPOSTA.


Seguindo as indicacións do apartado precedente e coa finalidade de incluír no plan xeral as determinacións necesarias para poder acadar os obxectivos pretendidos na presente MP propónse unha solución coas seguintes características:

M.P. Nº 11 PXOM CARBALLO PARA MODIFICACIÓN Nº DE PLANTAS NUNHA MAZÁ NA RÚA SAN MARTIÑO

SARA PRIETO HORTAS (COL Nº 4754 COAG)
RUBÉN SANTIAGO TOJO (COL Nº 5012 COAG)

1. Fixar unha altura máxima obrigatoria uniforme para toda a mazá obxecto desta MP, tal e como se viña facendo nos planeamentos anteriores que estiveron vixentes no concello de Carballo, e que permitirán evitar a aparición dunha medianeira dun impacto salientable cara un dos sistemas xerais de espazos libres de maior magnitude da vila, o do río Anllóns.

A solución que resulta do disposto nos puntos anteriores está plasmada nos planos de ordenación 15019_MP11PXOM_202607_AI_PORD_01ORD e 15019_MP11PXOM_202607_AI_PORD_02PLAN nos que se reflicte a recuperación dunha única altura máxima permitida para a totalidade da mazá. Insírense a continuación dúas imaxes dos planos de información e ordenación desta MP nos que se pode apreciar graficamente o que suporán estes cambios.



Extractos dos planos de información e ordenación da MP nos que se aprecian as correccións no quinteiro obxecto da MP.

Para resumir o representado nos extractos dos planos achégase a seguinte táboa, na que se incorporan datos sobre as alturas máximas permitidas na actualidade e como quedarán tras a aprobación desta MP:

PARÁMETRO	PXOM	MP Nº 11 PXOM
Altura máxima da mazá	B+3 e B+4	B+4

Doutra banda, a asignación do mesmo número máximo de plantas permitido a toda a mazá (B+4) provoca un lixeiro incremento de edificabilidade na mesma, que imos a analizar polo miúdo na táboa que se insire a continuación, no que se reflicte a comparativa entre as superficies construídas máximas que se poderían acadar en cada unha das plantas:

ALTURA	Superficie edificable no PXOM	Superficie edificable na MP Nº 11 PXOM
PLANTA BAIXA	855,00 m ²	855,00 m ²


PLANTA 1ª	936,70 m² (inclúe voos) ¹	936,70 m² (inclúe voos)
PLANTA 2ª	936,70 m² (inclúe voos)	936,70 m² (inclúe voos)
PLANTA 3ª	936,70 m² (inclúe voos)	936,70 m² (inclúe voos)
PLANTA 4ª	-	936,70 m² (inclúe voos)
BAIXO CUBERTA	855,00 m² (h>1,80 m) ²	855,00 m² (h>1,80 m)
TOTAL	4.520,10 m²	5.456,80 m²

Destes cálculos se extrae que o incremento que se produce da edificabilidade na mazá obxecto desta MP é de **936,70 m²**. Este incremento da capacidade residencial do PXOM do concello de Carballo e o cumprimento das reservas mínimas xustificarase no apartado 4 desta memoria.

3. SITUACIÓN URBANÍSTICA RESULTANTE DA MODIFICACIÓN PUNTUAL PROPOSTA.

A solución proposta obriga a realizar a seguinte alteración nas determinacións do PXOM vixente: establecer un único número de plantas máximo permitido para a mazá obxecto desta MP. Estas alteracións, que se representan nos planos 15019_MP11PXOM_202607_AI_PORD_01ORD e 15019_MP11PXOM_202607_AI_PORD_02PLAN, e que afectan aos seguintes documentos do PXOM:

- Folla C-06 do plano de ordenación de “CLASIFICACIÓN DO SOLO E SISTEMAS XERAIS”.
- Folla CA-10 do plano de ordenación de “ORDENACIÓN E XESTIÓN DO SOLO URBANO DE CARBALLO”.



Extracto do plano de ordenación 15019_MP11PXOM_202607_AI_PORD_02PLAN

¹ Estímanse corpos voados de 1,00 m que é o máximo que permite o plan, posto que se cumpre a limitación de 1/12 do ancho da rúa.
² Tan só se computan as superficies con altura libre superior a 1,80 m.

4. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS RESERVAS DE SOLO NECESARIAS PARA A IMPLANTACIÓN DOS SISTEMAS XERAIS.

Segundo se dispón no artigo 42.1. da LSG :

1. O plan xeral deberá prever, xustificadamente, as reservas de solo necesarias para a implantación dos sistemas xerais ao servizo de todo o termo municipal, en proporción adecuada ás características do concello e ás necesidades da poboación e tendo en conta a capacidade máxima residencial derivada do plan.

Nos concellos con poboación superior a 5.000 habitantes e en concellos considerados nodos para o equilibrio do territorio nas Directrices de ordenación do territorio, estes sistemas xerais serán, como mínimo, os seguintes:

- a) Sistema xeral de espazos libres e zonas verdes de dominio e uso públicos: en proporción non inferior a 15 metros cadrados por cada 100 metros cadrados edificables de uso residencial.
- b) Sistema xeral de equipamento comunitario de titularidade pública: en proporción non inferior a 5 metros cadrados por cada 100 metros cadrados edificables de uso residencial.

4.1. CAPACIDADE RESIDENCIAL:

O aumento da superficie edificable resultante das modificacións do plan xeral aprobadas incrementou a capacidade residencial prevista inicialmente no PXOM aprobado no ano 2016. A continuación insírese unha táboa coas modificacións puntuais formuladas ate a actualidade co incremento da superficie edificable, incluíndo a presente:

MP/DNR	OBXECTIVO	INCREMENTO CAPAC. RESID.
1	Ordenación detallada de varias zonas de solo urbano	959,00
2	Corrección de aliñacións en catro viais en SNR	0,00
3	Correccións de aspectos puntuais en normativa do PXOM	0,00
4	Redefinición da ordenación detallada do vial SX-VI2a en SNR	0,00
5	Catálogo do conxunto de hórreos	0,00
6	Execución da Sentenza nº 96/2018 do TSXG	286,80
7	Aliñacións nos NR de Quintela e a Barreira	0,00
8	Recualificación parcial do SX-EL0520 como aparcadoiro	0,00
9	Cambio de uso de parte do SX-EL0520 a equipam. Deportivo público	0,00
10	Cambio cualificación urban. Equipam. Pista deportiva e EEI Gontade	0,00
11	Modificación aliñación e nº de plantas máximo nunha mazá en San Martiño	936,70
DNR-01	Delimitación do NR de A Ponte Rosende	1.945,60
DNR-02	Delimitación do NR de O Monte	8.164,00
DNR-03	Delimitación do NR de A Brea	4.051,60
	TOTAL INCREMENTO CAPACIDADE RESIDENCIAL (m² construídos)	16.343,70

Sumando o incremento da capacidade residencial á prevista inicialmente no plan obtemos un total de **4.883.260,27 m²c.**

4.2. SUPERFICIE DE SISTEMAS XERAIS DE EQUIPAMENTOS (SX-EQ):

Na actualidade o concello de Carballo conta cunha reserva para o SX-EQ de **450.665,95 m²**. Esta cifra resulta da MP nº 9 do PXOM pola que se recualificou superficie de SX de espazos libres a SX de equipamentos.

4.3. SUPERFICIE DE SISTEMAS XERAIS DE ESPAZOS LIBRES (SX-EL):

A reserva prevista actualmente no PXOM para o SX-EL é de **861.841,97 m²**. Esta cifra resulta de tódalas modificacións e da aprobación do plan especial PE-1 Pedra do sal que incrementou o SX-EL co sumatorio das ZV-1, ZV-2, ZV-3, ZV-4, ZV-5 e ZV-6.

4.4. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS RESERVAS MÍNIMAS:

Capacidade residencial prevista trala aprobación da MP: **4.883.260,27 m²c**.

Sistema Xeral de Equipamentos (SX-EQ):

- PXOM actual: 450.665,95 m².
- Necesaria³: 4.883.260,27 m²c x 0,05 = 244.163,01 m².

Sistema Xeral de Espazos Libres (SX-EL):

- PXOM actual: 861.841,97 m².
- Necesaria⁴: 4.883.260,27 m²c x 0,15 = 732.489,04 m².

Tal e como se pode observar nos datos aportados aínda co lixeiro incremento que se produciría da capacidade residencial do plan xeral trala aprobación desta MP, seguiríase a cumprir sobradamente coas reservas de solo mínimas para a implantación dos sistemas xerais.

5. INFORME XUSTIFICATIVO DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SECTORIAL DE APLICACIÓN.

5.1. INFORME XUSTIFICATIVO DA LEXISLACIÓN EN MATERIA DE AUGAS.

A práctica totalidade do ámbito da MP está incluído na zona de policía de leitos, na zona de fluxo preferente e nas zonas inundables do río Anllóns codificado como 149, segundo o visor de Augas de Galicia. A MP non altera a ordenación prevista polo PXOM polo que a zona afectada queda en terreos clasificados como solo urbano consolidado (SUC) con ordenanza zonal 2 de aplicación, tan só se establece o mesmo número máximo de plantas permitido para a totalidade do conxunto.

Esta MP non altera a pegada en planta da edificación nin incrementa a ocupación do solo polo tanto non se está ampliando a superficie impermeable nin se modifica a relación co canle e/ou as escorrentas. Ademais non se incrementa o risco de inundación porque non se modifican as cotas de planta baixa nin se xeran novos sotos ou semisotos.

³ Art. 42.1 da LSG.

⁴ Art. 42.1. da LSG

Non aumenta a afección hidráulica nin se producen vulneracións da normativa de augas, senon un mantemento da situación existente. En calquera caso, cabe salientar que, segundo o disposto no *Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, por el que se aprueba el Reglamento del Dominio Público Hidráulico* (RDPH), na zona de policía de leitos definida no art. 9 do RDPH, os usos previstos na MP están sometidos ao disposto no artigo 78 do RDPH:

“Para realizar calquera tipo de construción en zona de policía de leitos, esixírase a autorización previa ao organismo de conca, a menos que o correspondente Plan de Ordenación Urbana, outras figuras de ordenamento urbanístico ou plans de obras da Administración, fosen informados polo organismo de conca e recollen as oportunas previsións formuladas para o efecto. En todos os casos, os proxectos derivados do desenvolvemento do plan deberán ser comunicados ao organismo de conca para que se analicen as posibles afeccións ao dominio público hidráulico e ao disposto no artigo 9, 9 bis, 9 ter, 9 quáter, 14 e 14 bis”.

5.2. INFORME XUSTIFICATIVO DA LEXISLACIÓN EN MATERIA DE MINAS.


Na memoria informativa identificouse unha afección da normativa sectorial a de carácter mineiro debida á concesión *“Virgen de la Estrella”* (AC/B/01006) para aproveitamento de augas minerais, industriais e de manancial.

O artigo 14.2. da *Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia* (redactado polo número dous do artigo 46 da *Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación*) establece:

2. Todas as figuras de planeamento urbanístico ou territorial con incidencia na minería haberán de someterse a informe vinculante da consellería competente en materia de minas, con posterioridade á súa aprobación inicial. O informe deberá ser emitido no prazo de tres meses, transcorrido o cal entenderase favorable. No caso de ser desfavorable, o informe indicará expresamente os preceptos legais vulnerados.

No *Decreto 402/1996, do 31 de outubro, polo que se aproba o regulamento de aproveitamento de augas mineromedicinais, termiais e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia* modificado polo *Decreto 116/2001, do 10 de maio*, establécense as condicións xerais de aproveitamento deste tipo de augas e defínense os perímetros de protección para a conservación do acuífero.

O ámbito de actuación da MP está situado na zona de restricións medias (ZME) da concesión. As actuacións contempladas no plan non se encadran nas actividades prohibidas do anexo I do *Decreto 116/2001, do 10 de maio, polo que se modifica o Decreto 402/1996, do 31 de outubro*.



Posición do ámbito da MP sobre a cartografía do Catastro Mineiro de Galicia.

6. XUSTIFICACIÓN DA COHERENCIA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL COS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO CON INCIDENCIA NO SEU ÁMBITO.

Tal e como se indicou na memoria informativa anteriormente os instrumentos de ordenación do territorio con incidencia no municipio de Carballo non teñen efecto algún sobre as determinacións alteradas pola presente MP. Por outra banda, debido ao escaso alcance e incidencia territorial desta modificación, entendemos que non resulta necesaria a xustificación da coherencia das actuacións previstas coas DOT nin a inclusión do ACE.

7. PONDERACIÓN DO IMPACTO DE XÉNERO.

A MP como instrumento de ordenación urbanística deberá considerar a incidencia sobre o impacto de xénero, adoptando medidas que favorezan a aplicación da perspectiva de xénero no seu desenvolvemento e aplicación. É dicir, terase en conta a posible incidencia na discriminación cidadá e as diferenzas de xénero.

O artigo. 20.1.c) do “*Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana*”, fai mención expresa a que as Administracións Públicas e particularmente as competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo, atendan na ordenación que fagan dos usos do solo, entre outros principios básicos á igualdade de trato entre mulleres e homes:

Artículo 20. Criterios básicos de utilización del suelo.

1. Para hacer efectivos los principios y los derechos y deberes enunciados en el título preliminar y en el título I, respectivamente, las Administraciones Públicas, y en particular las competentes en materia de ordenación territorial y urbanística, deberán:

M.P. Nº 11 PXOM CARBALLO PARA MODIFICACIÓN Nº DE PLANTAS NUNHA MAZÁ NA RÚA SAN MARTIÑO

CONCELLO DE CARBALLO

a) (....)

b) (...)

c) *Atender, en la ordenación que hagan de los usos del suelo, a los principios de accesibilidad universal, de igualdad de trato y de oportunidades entre mujeres y hombres, de movilidad, de eficiencia energética, de garantía de suministro de agua, de prevención de riesgos naturales y de accidentes graves, de prevención y protección contra la contaminación y limitación de sus consecuencias para la salud o el medio ambiente..*

Este principio acadou unha especial notoriedade no eido do urbanismo a través da STS 1750/2018 de 10/12/2018 referente ao Recurso de Casación interposto pola Comunidade de Madrid e o Concello de Boadilla del Monte contra a Sentencia da Sala do Contencioso Administrativo do TSJ de Madrid pola que se declarou a nulidade do PXOU de Boadilla del Monte. Na devandita STS 1750/2018 estimouse o Recurso de Casación, non obstante, declarouse como doutrina xurisprudencial que o principio de igualdade de trato é un principio inspirador da nova concepción do desenvolvemento urbano, que esixe unha ordenación adecuada e dirixida, entre outros fins, a lograr a igualdade efectiva entre homes e mulleres e así queda expresado no antecedente DECIMOSEXTO que se reproduce a continuación:

DECIMOSEXTO: De acuerdo con todo lo expuesto consideramos que procede declarar como doctrina jurisprudencial que, si bien la cláusula de aplicación supletoria del derecho estatal no permite sostener la exigencia a las Comunidades Autónomas de un requisito, como es el informe de impacto de género, en materia de ordenación urbanística, que no figura previsto en su propia legislación, el principio de igualdad de trato es un principio inspirador de la nueva concepción del desarrollo urbano, que exige una ordenación adecuada y dirigida, entre otros fines, a lograr la igualdad efectiva entre hombres y mujeres, esto es, no es necesario el sometimiento del plan a un trámite específico para que esa perspectiva sea tenida en cuenta y para que, en otro caso, el citado plan pueda ser impugnado y el control judicial alcanzar a dichos extremos.

En base o anterior a avaliación dos instrumentos de planeamento urbanístico dende o punto de vista do xénero, parte de dúas premisas fundamentais:

1. A percepción das situacións de inseguridade nos espazos públicos e privados urbanizados é maior nas mulleres que nos homes.
2. As situacións de vulnerabilidade entre os colectivos máis desfavorecidos (víctimas de violencia de xénero, migrantes e maiores), é maior nas mulleres que nos homes.

As previsións ás que o planeamento urbanístico pode e debe dar resposta incidindo nos campos da súa competencia son: a previsión de vivenda protexida, o deseño dos espazos públicos urbanizados, a correcta previsión do transporte público e equipamentos, e unha correcta relación e distribución entre os espazos de residencia e traballo.

A este efectos compre considerar o obxectivo da MP é o de redefinir a aliñación dunha parte dunha mazá para adaptala á realidade física e a recuperación dun único número máximo de plantas permitido para toda a mazá, en aras de que no momento en que se edifiquen os solares baleiros, se materialice unha mazá sen a aparición de medianís cara o sistema xeral de espazos libres do río Anllóns. En calquera caso, os

M.P. Nº 11 PXOM CARBALLO PARA MODIFICACIÓN Nº DE PLANTAS NUNHA MAZÁ NA RÚA SAN MARTIÑO

CONCELLO DE CARBALLO

futuros proxectos de execución dos edificios plurifamiliares de vivendas deberán adoptar medidas que favorezan a aplicación da perspectiva de xénero.

8. INTEGRACIÓN DAS MEDIDAS DO IAE.

Por medio da Resolución do Director Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade do 7 de abril do 2026 formulouse o informe ambiental estratéxico (IAE) da modificación puntual nº 11 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Carballo. O IAE fíxose público no DOG nº 75 do 23 de abril de 2026. Nesta resolución propónse non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a modificación, ao considerar que non se producirán efectos significativos no medio ambiente.

No apartado 4 do IAE referente ao período de consultas previas dispónse que o promotor deberá considerar na elaboración da modificación puntual as observacións e suxerencias manifestadas en dito período de consultas previas.

A continuación, insírese un cadro resumo no que se detalla como se integraron na MP as medidas propostas no IAE e os informes dos organismos consultados:

INFORME	MEDIDAS	INTEGRACIÓN NA M.P.
DXOTU	- Non está xustificado o reaxuste de aliñación que diminúe o largo viario, toda vez que se trata dunha zona non edificada, onde non existe aliñación consolidada. - A MP tramitárase seguindo o procedemento establecido no artigo 60 en relación co artigo 83 da LSG, e 144 do seu regulamento.	- Elimínase o reaxuste de aliñación da rúa San Martiño como obxectivo da presente modificación puntual e polo tanto corríxense tanto as memorias informativa e xustificativa como os planos de información e ordenación, de modo que o único obxectivo da presente modificación puntual e o nº de plantas da mazá.
IET	- A MP non producirá un impacto significativo sobre a paisaxe. De acordo co artigo 45.5.a do RLPPG considérase que non é necesario un estudo da paisaxe. - Compre lembrar que de acordo co artigo 7.2 da Lei 7/2008 e o artigo 41.1 do RLPPG, tras a súa aprobación inicial, esta modificación deberá someterse a informe do Instituto de Estudos do Territorio.	- Seguindo os artigos 7.2 da Lei 7/2008 e o artigo 41.1 do RLPPG, tras a aprobación inicial da presente MP solicitarase informe ao Instituto de Estudos do Territorio.

9. TRAMITACIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL.

Os trámites a realizar coa MP dende este momento ate a súa entrada en vigor serían os seguintes:

- Tras o informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade da modificación puntual coa lexislación vixente, procederase a súa aprobación inicial e o sometemento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOG e nun dos diarios de maior difusión da provincia.
- O concello trasladará esta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo o cal dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses, transcorrido este, entenderanse emitidos con carácter favorable.
- Cumpridos os trámites anteriores, o órgano competente en materia de urbanismo remitirá ao concello o seu resultado, e poderase continuar o procedemento.

M.P. Nº 11 PXOM CARBALLO PARA MODIFICACIÓN Nº DE PLANTAS NUNHA MAZÁ NA RÚA SAN MARTIÑO

CONCELLO DE CARBALLO

SARA PRIETO HORTAS (COL Nº 4754 COAG)
RUBÉN SANTIAGO TOJO (COL Nº 5012 COAG)

- O concello deberá solicitar, durante esta fase, os demais informes sectoriais que resulten preceptivos de conformidade coa lexislación vixente. No presente caso, os informes a solicitar serían os seguintes:
 - Informe da Delegación do Goberno.
 - Informe da Dirección General de telecomunicaciones y Ordenación de los Servicios de Comunicación Audiovisual do Mº de Asuntos Económicos y Transformación Digital.
- Logo do informe dos servizos xurídicos e técnicos municipais respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas e da conformidade do plan coa lexislación vixente, o concello aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que sexan pertinentes. O expediente completo, debidamente dilixenciado, será remitido á consellería competente en materia de urbanismo.
- A consellería, no prazo dun mes, examinará a integridade da modificación puntual. De se apreciar algunha deficiencia, requirirá a súa emenda. Ata o cumprimento efectivo do requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para resolución sobre a aprobación definitiva do documento.
- A consellería, no prazo de tres meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellería, adoptará motivadamente a decisión sobre a aprobación definitiva da modificación puntual.
- A modificación puntual entenderase aprobada definitivamente se transcorren tres meses desde a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que este comunícase a resolución, sempre que o plan conteña os documentos e determinacións preceptivos.
- O acordo de aprobación definitiva da modificación puntual serán publicados no prazo dun mes dende a a súa adopción no DOG. Xunto coa publicación deste acordo publicarase a referencia ao enderezo electrónico en que figurará o contido íntegro da modificación puntual á disposición do público.

A Coruña, xullo de 2026

Os arquitectos:

Sara Prieto Hortas

Rubén Santiago Tojo